

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA), a iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz** e **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa ó funcionamento da Fundación Centro Tecnolóxico Alimentario (CETAL).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 21 de xaneiro o señor Luis Lamas presentaba a súa dimisión dos cargos que ostentaba en Sogama e no CETAL, a raíz de que se fixese público a adxudicación deste organismo dun contrato cuio obxecto do mesmo era asesoramento xurídico na orde administrativa, laboral, civil e mercantil e contaba cun orzamento base de licitación de 18.150 euros e un prazo de execución de dous anos.

Esta dimisión era esixible dende un punto de vista da defensa da exemplaridade no exercicio político, pero as dúbidas sobre a xestión neste centro non rematan aquí. As prácticas irregulares son habituais neste centro do cal a Xunta de Galicia forma parte.

O Centro Tecnolóxico Alimentario (CETAL) é unha fundación do sector público estatal constituída o 30 de abril de 2007, e inscrita no Rexistro de Fundacións en data 31 de outubro do devandito ano e situada no Concello de Lugo. Atópase adscrita actualmente á Secretaría General Técnica do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio, que exerce o seu protectorado. Figuran, entre os obxectivos da Fundación, prestar axuda a promover a rendibilidade das explotacións e industrias agroalimentarias dos sectores aos que pertencen; impulsar a formación, cualificación e especialización dos profesionais do sector; dinamizar a transferencia de tecnoloxía e a xeración e implantación dunha cultura empresarial no sector agroalimentario; e prestar asistencia técnica ás institucións e administracións para promover o desenvolvemento tecnolóxico, a competitividade e a innovación no sector agroalimentario.

Para cumprir tales obxectivos a Fundación CETAL foi dotada dunhas instalacións de 2.400 metros cadrados cun custe de 5.75 millóns de euros, sendo os terreos aportados polo Concello de Lugo, mentres que o Goberno do Estado asumía o custe das obras.

Por outra banda o 19 de febreiro de 2014, o Diario Oficial de Galicia, publicaba a resolución pola que se facía pública a absorción do Centro Tecnolóxico Lácteo (CETIL) por parte do CETAL. Entre os dous organismos públicos suman máis de 15 millóns de euros de recurso públicos investidos nunhas instalacións destinadas a potenciar, dinamizar e innovar nun sector estratéxico para Galicia como é o agrogandeiro.

A Fundación Cetal conta cun padroado conformado por representantes das administracións do Estado, autonómica e local cuxa composición é a seguinte:

- PRESIDENTE: Isabel Garcia. Ministra de Agricultura.
- VICEPRESIDENCIA: Rosa Quintana. Conselleira de Medio Rural.
- PATRONOS:
 - DELEGADO DO GOBERNO: Santiago Villanueva Alvarez.
 - DIRECTOR XERAL DE INDUSTRIA ALIMENTARIA: Fernando José Burgaz.
 - ALCALDE DE LUGO: José Clemente López Orozco.
 - CONSELLEIRO DE INDUSTRIA: Francisco Conde.
 - PRESIDENTE DO INLAC: José Luís Antuña.
 - OS TRES REITORES UNIVERSIDADES ROTATORIOS.
 - TESOUREIRO: José Luís Lamas

No mes de marzo de 2012, o Partido Popular nomeou como director xeral do CETAL a Javier López Viana, quen está a levar unha xestión da Fundación que, cando menos, sorprende pola falla de criterio á hora de converter a fundación nunha ferramenta eficaz o servizo da dinamización do sector agrogandeiro e alimentario, así como pola falla de cumprimento das funcións que os estatutos lle teñen encomendados.

Ademais das eivas no cumprimento dos cometidos propios da Fundación, O CETAL atópase inmerso nunha serie de irregularidades financeiras que mesmo o Tribunal de Cuentas do Estado, ten denunciado no seu *Informe de Fiscalización das Fundacións Estatais durante o ano 2012*.

Segundo o Tribunal de Cuentas, a entidade fiscalizada non deu fiel cumprimento ao establecido no artigo 29 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP) e na Instrución General do Tribunal de Cuentas (IGTCU), dado que remitiu ao Tribunal de Contas certificación negativa de contratos sometidos á Lei de Contratos do Sector Público, cando, tal como se comprobou durante os traballos de fiscalización, durante o 2012, o CETAL adxudicou catro contratos, por un total de 124.000 euros que non tiñan a consideración de contratos menores de acordo á mencionada lexislación, e que, xa que logo, deberían ser obxecto de inclusión na relación certificada a que se refire o epígrafe II.1.1 da IGTCU.

Analizada a totalidade dos dezasete contratos adxudicados pola entidade fiscalizada durante o exercicio 2012, dos cales doce eran contratos menores, por un importe de 124 miles de euros, sendo os outros cinco de importe superior ao límite legal daqueles, ascendendo estes na súa totalidade á cifra de 162.000 euros.

Da análise das actuacións correspondentes á preparación, selección do contratista e execución dos contratos adxudicados polo CETAL durante o ano 2012, o Tribunal de Cuentas realizou as seguintes observacións:

-Ningunha das adxudicacións foi obxecto de publicidade a través do perfil do contratante da entidade fiscalizada, incumpríndose así, as previsións contidas no artigo 53.2 do TRLCSPP.

-No expediente de contratación número CM2012/01, (contrato mantemento ascensor edificio Cetal por un importe de 6.229,23 euros) correspondente a un contrato menor de acordo ao establecido no artigo 138.3 do TRLCSPP, consta que a duración do mesmo quedou fixada en catro anos, previsión contractual contraria ao establecido no artigo 23.3 do TRLCSPP que limita a un ano, sen posibilidade de prórroga, a duración dos contratos menores.

-No expediente de contratación número CM2012/12, (servizo de análises de compoñentes principais de mostras de aceite de oliva) contrato menor adxudicado cun importe de 17.900 euros, IVA excluído, contratouse, en realidade, a análise de 300 mostras de aceite de oliva a un prezo de 75,79 euros, IVA excluído, cada unha delas, o que totalizaría un importe de 22.737 euros, superior ao prezo de adxudicación, ademais de superarse os límites cuantitativos dos contratos menores.

-No expediente de contratación número CN2012/04 (estudio tecnoloxías instrumentais no destrutivas aplicadas a la determinación de la calidade del aceite de oliva por un importe de 6.124,84), pactouse un pago anticipado equivalente ao 51% do importe total de adxudicación, decisión que resulta contraria á regra do servizo feito que ten que rexer a contratación no sector público, coas únicas excepcións establecidas pola lei (artigo 216.3 do TRLCSP), sendo dita cláusula contraria, en particular, ao artigo 216.4 do TRLCSP.

-Nos expedientes de contratación números CN2012/01, CN2012/04 xa explicados, e no CN2012/06 referido á contratación dun traballo de axardinamento por un importe de 37.741,99, falta por completo a xustificación da necesidade da contratación a que se refiren os artigos 22 do TRLCSP e 73.2 do RGLC.

-No expediente de contratación CN2012/05 (parking sede Cetal por un importe de 42.830 euros), e no que á súa fase de execución se refire, resulta acreditado que a obra foi finalmente executada nun prazo de dous meses cando o prazo pactado en contrato foi de quince días, sen que conste haberse esixido penalidades ou responsabilidades algunhas ao contratista. Doutro lado, pese a que o réxime de pagos pactado establecía que o 75% do prezo total faríase efectivo á finalización das obras, no acta de recepción final consta que en devandito momento soamente quedaba por abonar ao contratista o equivalente ao 20% do prezo total, o que evidencia que os pagos non se realizaron de acordo ao calendario comprometido, dado que a entidade fiscalizada adiantou parte daqueles.

-En ningún dos contratos menores celebrados durante 2012 pola entidade fiscalizada, consta a acreditación da habilitación profesional dos respectivos empresarios contratados, tal como esixe o artigo 138.3 do TRLCSP.

-En ningún dos contratos distintos aos menores adxudicados pola entidade fiscalizada durante 2012 consta a acreditación da solvencia económica, financeira e técnica dos respectivos contratistas.

-Na maioría dos contratos adxudicados pola entidade fiscalizada durante 2012 non consta a acreditación da capacidade de obrar dos respectivos contratistas, nin o poder de representación de quen asinan os contratos, así como tampouco a acreditación de atoparse os adxudicatarios ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias, mediante o

certificado expedir pola AEAT, e coa Seguridade Social, mediante o certificado a expedir pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

-En ningún dos expedientes de contratación tramitados no ano 2012, fixo a entidade fiscalizada uso da posibilidade prevista no artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Dito pois de outro modo, **o CETAL adxudicou de xeito ilegal 286.150,08** euros en contratos que por outra banda, incluían de xeito maioritarios traballo alleos os fins da Fundación. Dos 17 contratos realizados no 2012, tan só dous se corresponden con estudos e análises propios dun centro de investigación como é o CETAL

Por outra banda, moitas das irregularidades descritas se refiren a actuación innecesarias ou sen motivación xustificada, como é o caso das intervencións realizadas no aparcadoiro e nos propios xardíns. Os gastos innecesarios chegan ao extremo de terse asumido con cargo ao CETAL, o gasto do renting dun vehículo para a dirección xeral o que hai que engadir o salario dun chofer contratado en principio, para realizar funcións de mantemento no edificio. Cabe preguntarse se o director xeral non pode conducir o seu propio vehículo.

Pero por riba da flagrante gravidade dos feitos descritos, a maior eiva da fundación CETAL radica na ausencia de pulo para traballar na dinamización do sector agrogandeiro e alimentario, un feito que supón desaproveitar unha ferramenta con grandes potencialidades, mais si cabe, despois de ter recibido transferencias en forma de subvencións públicas por un importe superior aos 12 millóns de euros. Unhas axudas que non se concretan na elaboración de proxectos, traballos ou na transferencia de coñecemento visibles en resultados avaliábeis para o sector.

O Grupo Parlamentar da AGE, non ten constancia de que despois do Informe do Tribunal de Cuentas, o Goberno do Estado ou o Goberno galego, teñan iniciado actuacións para resolver os problemas descritos e que en boa medida seguiron presentes nos exercicios 2013 e 2014.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar da AGE presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Que realice as xestións necesarias para que se resolvan as irregularidades descritas no Informe de Fiscalización do Tribunal de Cuentas no funcionamento do Cetal.
- 2) Que realice todas as xestións políticas oportunas, para que se depuren responsabilidades por estas graves actuacións no seu ámbito de actuación.
- 3) Que inste ao Goberno do Estado a actuar para corrixir esta situación e para depurar responsabilidades nestes feitos.
- 4) Que inste ao Goberno do Estado a que cese ao director xeral do CETAL, Javier López Viana, pola súa xestión ao fronte deste organismo público.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE
Ramón Vázquez Díaz
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 22/01/2015 13:34:37

Anton Sánchez García na data 22/01/2015 13:34:42